



BASES PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE 1 AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL PARA O CONCELLO DE TOMIÑO

1^a Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal de 1 auxiliar de policía local para o Concello de Tomiño, categoría profesional auxiliar, dada a necesidade de incrementar transitoriamente o cadre de persoal adscrito ao corpo da Policía local deste Concello, durante 2017, coas funcións propias da súa categoría profesional na Policía Local de Tomiño, tales como as de apoio e auxilio ós membros do corpo de Policía Local, nos termos establecidos no artigo 95 da lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Polícias Locais de Galicia e no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

E concretamente co disposto no artigo 95.7 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Polícias Locales que establece:

"En determinados casos, debida y objetivamente justificados a la consejería competente, podrá permitirse la contratación a los ayuntamientos de un número de auxiliares superior al mencionado en el apartado 1 de este artículo, o por plazo de tiempo superior que no excederá, en todo caso, de los seis meses dentro del año natural"

A contratación das persoas aspirantes realizarase a medida que xurdan tales necesidades, pola orde de puntuación final establecida na base 9^a obtida das probas. No intre en que sexa necesaria a contratación dun ou dunha auxiliar, terase en conta a puntuación acadada. Os contratos que se realizarán terán una duración de 4 (catro) meses a partir da sinatura do mesmo, si ben o Concello poderá prorrogar 2 (dous) meses máis a contratación sempre que sexa autorizado pola consellería competente da Xunta de Galicia, de acordo co previsto nos artigos 95.7 da Lei 4/2007 e 136 do Decreto 243/2008.

A relación ordenada de aprobados deixará de ter vixencia o 31 de decembro de 2017, data na que decaerá calquera dereito que por participar neste proceso puidese corresponderles aos aprobados.

Dito persoal non poderá realizar funcións que impliquen o exercicio da autoridade e non poderá portar armas.

2^a Sistema de selección

O sistema de selección será o de oposición libre, de conformidade con disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores, o R.D. 2720/1998, de 18 de decembro e demais disposicións de pertinente aplicación.



3ª Modalidade de contratación, duración do contrato e retribucións.

A contratación que derive do procedemento selectivo será en réxime laboral temporal, de duración determinada, baixo a modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción previsto no artigo 15.1.b) do Real decreto lexislativo 1/95 polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores e 3.1 do Real decreto 2720/98 de desenvolvemento do anterior, durante os seguintes prazos:

- 1 auxiliar por un período de 04 meses (mais 2 meses sempre que sexa autorizado pola consellería competente da Xunta de Galicia).

As retribucións mensuais serán de (967,76 €), brutos por tódolos conceptos incluídos.

4ª Requisitos dos aspirantes.

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deben cumplir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:

1. Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros residentes legalmente en España poderán acceder aos postos convocados e reservados para persoal laboral, debendo acreditar na fase de comprobación de requisitos, unha vez superado o proceso selectivo, que reúnen as condicións legais para a súa contratación.
2. Posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
3. Ser maior de idade.
4. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial. Dito certificado deberá ser aportado unha vez finalizado o proceso selectivo únicamente por aqueles candidatos que se propoñan para ser contratados.
5. Posuér unha estatura de polo menos 165 centímetros os homes e 160 centímetros as mulleres.
6. Estar en posesión ou en condición de obtelo, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, do título de graduado en Educación Secundaria obligatoria, GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE, correspondente ó actual grupo C, subgrupo C2 do EBEP. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estar en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.



7. Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións asignadas á praza convocada.
8. Non estar encurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Estes requisitos deberán ser cumplidos no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, durante o proceso selectivo e ata o momento de formalizar a contratación.

5ª Solicitudes de admisión e prazo de presentación

1. As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán facerse mediante instancia dirixida a Alcaldesa, en modelo que se facilitará no rexistro do Concello e na páxina Web (www.concellodetomiño.es) presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Tomiño, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. As instances tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
2. As persoas que non presenten directamente a documentación no Rexistro municipal deberán comunicalo por fax o mesmo día da presentación ao número 986622530 coa copia da solicitude presentada no organismo correspondente.
3. O prazo de presentación de solicitudes é de 05 días hábiles, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no diario ATLANTICO DIARIO
4. Nas respectivas instances, os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 4ª destas bases, e irán acompañadas inescusablemente dos seguintes documentos:
 - › Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
 - › Fotocopia da titulación mínima esixida.
 - › Declaración xurada de non estar encurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade prevista na lexislación vixente, nin de haber sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial, así como de non ter ningunha enfermidade ou defecto, físico ou psíquico, que impida o exercicio das funcións.
 - › Fotocopia do Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Os/as aspirantes que presenten o certificado quedarán exentos da realización da proba de coñecemento de galego.



5. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6^a Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

1. Rematado o prazo de presentación de documentación a Alcaldesa ditará resolución no prazo máximo de 03 días declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución será publicada no taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web (www.concellodetomiño.es). Na mesma resolución determinarase a composición do tribunal cualificador. Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de 03 días, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 71 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así como poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Régime xurídico do sector público .
2. Posteriormente, a Alcaldesa declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello. Na mesma resolución determinarase o lugar e data de celebración da proba do proceso selectivo. De non existir aspirantes excluídos/as elevará a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

7^a Tribunal cualificador.

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos nin o persoal eventual.

O Tribunal estará integrado por:

- › Presidente/a: unha funcionario/a da Corporación Municipal, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.
- › Secretario/a: o da Corporación ou funcionario en quen delegue.
- › Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Tomiño ou de calquera outra Administración Pública, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.
- › Así mesmo nomearanse un número igual de suplentes para cubrir as posibles ausencias ou vacantes dos membros titulares.

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal cualificador non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de, alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.



P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público .

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases. A actuación do tribunal rexererase polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8ªProbas selectivas

Para poder realizar o exercicio da oposición os aspirantes deberán ir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante), e nos exercicios escritos con un bolígrafo de cor azul. O procedemento de selección consistirá na realización de exercicios, de acordo co disposto no artigo 47 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de polícias locais.

a) Comprobación de estatura e proba de aptitude física.

Previamente a realización da proba de aptitude física realizarase a **comprobación da estatura** dos/as aspirantes, para comprobar que compren o requisito de altura mínima. Aqueles candidatos/as que non alcancen a altura mínima establecida nestas bases quedarán excluídos do proceso selectivo.

As **probas de aptitude física** irán dirixidas á comprobación das capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade dos aspirantes, tendo a cualificación de "apto" ou "non apto".

Para obter a cualificación de "apto" é necesario non superar as marcas establecidas como máximas ou alcanzar ou superar os mínimos das probas que deseguido se relacionan:

- Potencia tren inferior: salto vertical**

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O/a aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado e xunto a unha parede vertical, con brazo totalmente estendido cara arriba e sen levantar os talóns do chan, en marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado.



Para a correcta execución da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítese un segundo intento aos aspirantes que fagan nulo o primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

18 – 36 anos	37 – 48 anos	49 anos ou mais	
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

• Resistencia xeral: Carreira de 1000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona completamente chaira de terreo. O aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé. Só permítese un intento, o aspirante que abandone a carreira quedará excluído. A proba consistirá en correr a distancia de 1000 metros lisos sen que se podan superar os tempos máximos que se establecen na seguinte táboa en función dos grupo de idade e sexo dos candidatos/as.

18 – 36 anos	37 – 45 anos	46 anos ou mais	
Homes	4 min. 30 seg.	5 min.	5 min. 15 seg.
Mulleres	5 min.	5 min 30 seg.	5 min 45 seg.

O día seguinte hábil o Tribunal publicará o listado de candidatos/as que obteñen a cualificación de apto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e concederá un prazo máximo de 03 días hábiles para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

Finalizado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatos que superaron a proba, procedéndose no mesmo acto á convocatoria, cunha antelación mínima de 02 días hábiles, do seguinte exercicio. Os candidatos/as que non alcancen a cualificación de "apto" quedarán eliminados do proceso selectivo.

b) Probas de coñecementos.

1. Proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá mostrar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.



Concello de Tomiño

PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes dispoñerán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso conseguir cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula $N=(A-F/3)/5$. Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F preguntas erradas ou non respuestas.

O día seguinte hábil o Tribunal publicará as puntuacións acadadas no taboleiro de anuncios e na páxina web e concederá un prazo máximo de 03 días hábiles para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

Finalizado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatos que superaron a proba, procedéndose no mesmo acto á convocatoria, cunha antelación mínima de 02 días hábiles, do seguinte exercicio. Aqueles candidatos/as que non alcancen a puntuación mínima de 5 quedarán eliminados do proceso selectivo.

2. Proba específica sobre coñecemento do término municipal e da toponímia local.

O órgano de selección someterá ós/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario conseguir como mínimo unha puntuación dun con cinco puntos para superala.

A proba consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 10 preguntas no tempo de realización que acorde o tribunal antes do seu comezo. O día seguinte hábil o Tribunal publicará as puntuacións acadadas no taboleiro de anuncios e na páxina web e concederá un prazo máximo de 03 días hábiles para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

Finalizado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatos que superaron a proba, procedéndose no mesmo acto á convocatoria, cunha antelación mínima de 02 días hábiles, do seguinte exercicio. Aqueles candidatos que non alcancen a puntuación mínima de 1,5 puntos quedarán eliminados do proceso selectivo.

c) Coñecemento da lingua galega.

Coa finalidade de determinar o grao de coñecemento realizarase unha proba que consistirá na tradución dun texto do galego ao castelán e outro do castelán ao galego.

Esta proba cualificarase como apta ou non apta.



Estarán exentos de realizar este ejercicio os/as aspirantes que acrediten dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo posúan o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. O día seguinte hábil o Tribunal publicará as puntuacións acadadas no taboleiro de anuncios e na páxina web e concederá un prazo máximo de 03 días hábiles para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

Finalizado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatos que superaron a proba. Os candidatos que non alcancen a cualificación de "apto" quedarán eliminados do proceso selectivo.

9ª Cualificación final e relación de aprobados.

Rematadas as probas do proceso selectivo confeccionarase a lista que determinará a orde de prelación de candidatos, e virá determinada pola suma das puntuacións acadadas nos apartados B1) e B2) da base 8^a. Será seleccionado aquel que obteña maior puntuación global. En caso de empate na puntuación global quedará en primeiro lugar o/a candidato que obtivera maior puntuación na proba do apartado b1) da base 8^a. De persistir o empate resolverase pola puntuación acadada na proba b2) da base 8^a. De persistir o empate aplicarase o establecido na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes que establece as actuacións especiais en caso de infrarrepresentación entre ámbolos sexos. De persistir o empate tras aplicar o disposto nas regras anteriores resloverase mediante sorteо público.

10ª Contratación das persoas seleccionadas

Rematado o proceso selectivo, o tribunal formulará a proposta de contratación a favor do aspirante que acadase a maior puntuación final.

O/a aspirante proposto/a deberá achegar no prazo máximo de 03 días hábiles dende a proposta de contratación a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que o/a inhabilite para o desenvolvemento das funcións propias da praza.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na legislación vixente.
- Acreditación de superación do curso referido na base 11^a.
- Certificación negativa do Rregistro Central de delincuentes sexuais ou documento equivalente.



Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado, este decaerá nos seu dereitos e quedarán anuladas todas as actuacións realizadas a favor do mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

Para o suposto de que algún dos/as aspirantes inicialmente propostos/as (ou os/as sucesivos seguintes) renunciasen á contratación ou non reunira os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante (ou se e o caso, dos seguintes aspirantes) que maior puntuación obtivese de acordo coa resultante da cualificación final obtida polos aspirantes. A duración dos contratos será establecida na proposta de contratación definitiva en función da posición dos postos, incluídas as modificacións descritas neste parágrafo.

Presentada a citada documentación a persoa aspirante proposta será contratada mediante contrato laboral temporal de duración determinada a tempo completo.

11^a.- Constitución de listaxe de reserva ou de agarda

11.1. Normas xerais: obxecto, elaboración, aprobación e publicidade

De conformidade co establecido no CONVENIO COLECTIVO DEL PERSONAL LABORAL AL SERVICIO DEL AYUNTAMIENTO DE TOMIÑO (*Código de Convenio número 36003502012002*) publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 10 de 16.01.2016 e concretamente o establecido no capítulo IX, Selección, promoción interna de postos, Sección 1^a, “SELECCIÓN E ACCESO”

1. A selección do persoal laboral farase de acordo co sistema selectivo que a Administración pública determine, respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade. O referido sistema deberá permitir la máxima axilidade na selección, en razón da urxencia requerida para o desempeño transitorio dos postos de traballo ou das funcións correspondentes.

2.-os/as opositores/as que superaran satisfactoriamente as probas selectivas e non obtivesen posto, integrarán unha lista de agarda que ten como única finalidade atender as posibles baixas nas prazas obxecto da convocatoria.

12^a Curso de formación.

As persoas aspirantes que superen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública, salvo no caso de que teña certificado de asistencia do citado curso, que estará exento da realización do mesmo durante un período de catro anos, de acordo co disposto no artigo 48 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Polícias Locais.



Concello de Tomiño

PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

13ª Disposicións derradeiras

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación e no Estatuto dos Traballadores.

Segunda.—As bases da convocatoria e cuntos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

14ª Publicidade do procedemento

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal. As bases e o resto de actos do procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Tomiño, 12 de xuño de 2017

A Alcaldesa,

SANDRA GONZALEZ ALVAREZ





SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 01 PRAZA DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL MEDIANTE CONTRATACIÓN TEMPORAL (4+2 MESES) PARA O CONCELLO DE TOMIÑO.

Nome e apelidos		DNI	
Enderezo		Número	Código Postal
Localidade		Provincia	
Teléfono	Móbil	Correo Electrónico	

EXPÓN:

Vista a convocatoria para cubrir 1 praza de auxiliar de policía local mediante contratación laboral temporal (catro+ dous meses) do Concello de Tomiño, polo sistema de oposición libre, de acordo coas condicións esixidas nas bases publicadas mediante inserción de anuncio no diario ATLANTICO de data *****/2017, e publicadas no taboleiro de anuncios, na páxina web do concello.

E reunindo todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na base 4ª da convocatoria, de conformidade coa documentación que se xunta e co coñecemento e expresa aceptación de ditas bases,

SOLICITA:

Ser admitido/a no citado proceso selectivo.

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

(Marque con X a documentación que aporta).

- Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia do título da ESO ou título equivalente.
- Fotocopia do Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Os/as aspirantes que presenten o certificado quedarán exentos da realización da proba de coñecemento de galego.

Tomiño, _____ de _____ de 2017

Sinatura do/a solicitante,